



ANEXO VI

PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO COMUNITARIO

TU503E -SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTOS EN EQUIPAMENTOS POST COVID DOS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS FINANCIADAS AO 100% NO MARCO DO EIXE REACT-UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO PARTE DA RESPOSTA DA UE Á PANDEMIA DA COVID-19

Ao tratarse de subvencións financiadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no anexo XII, número 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos de publicidade e comunicación:

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio da Xunta de Galicia, conforme ao manual de identidade corporativa que estea vixente, e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional correspondente, o logotipo do Xacobeo 21-22 e mostrando:

- a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
- b) Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto e a que está financiado como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.
- c) Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».

O formato que se utiliza é o seguinte:



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



Xacobeo 21-22

2. Durante a realización do proxecto e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento ou emprego:

- i. Breve descrición no seu sitio da Internet do que dispoña a entidade beneficiaria, do proxecto desenvolvido ao abeiro da subvención concedida, dos obxectivos perseguidos e resultados acadados, na que se destaque o apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional correspondente, a referencia ao Xacobeo 21-22, e mostrando:
 - a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
 - b) Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto e a que está financiado como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.
 - c) Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».
 - d) Mención ao Obxectivo “Apoiar os sectores máis afectados pola COVID-19”.
- ii. Colocar, polo menos, un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), en que se mencionará o apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional correspondente, a referencia ao Xacobeo 21-22, e mostrando:
 - a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
 - b) Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto e a que está financiado como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.
 - c) Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».
 - d) Mención ao Obxectivo “Apoiar os sectores máis afectados pola COVID-19”.

O cartel, elaborado con materiais que permitan certa perdurabilidade no tempo, deberase colocar nun lugar visible para o público.



ANEXO VII
(continuación)

Aos efectos do sinalado, poderase empregar o seguinte modelo tanto para a publicación en web como para a elaboración do cartel:



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Xacobeo 21-22

SUBVENCIONS PARA INVESTIMENTOS EN EQUIPAMENTOS POST COVID DOS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS FINANCIADAS AO 100% NO MARCO DO EIXE REACT-UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO PARTE DA RESPOSTA DA UE Á PANDEMIA DA COVID-19

Apoiar os sectores máis afectados pola COVID-19

Operación financiada pola Unión Europea a través do FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19

PROGRAMA OPERATIVO

**FEDER GALICIA
2014-2020**

Unha maneira de facer Europa